

# CREACIÓN DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO

## de Ciencias Biomédicas y Tecnologías de la Salud

### (Biomedical Sciences and Health Technologies)

O Consello de Goberno de 17 de febreiro de 2010 aprobou a Normativa do Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua. No seu artigo 4.5 sinala que dependendo da Comisión de Doutoramento poderán organizarse Escolas de Doutoramento que terán como función a organización dos estudos de doutoramento, propoñendo cursos, organizando a oferta e analizando os resultados dos cursos impartidos. Tamén se sinala que ao fronte de cada Escola estará un director que formará parte da Comisión de doutoramento con voz pero sen voto.

A Universidade de Santiago considera conveniente e necesaria a especialización dos estudos de doutoramento por ámbitos de coñecemento para así facer a oferta moito máis atractiva. Por outra banda esta especialización vai permitir unha mellor avaliación destes estudos e do seu grao de eficacia, co fin de ir mellorando esta oferta especializada.

Deste xeito propónse a creación dun órgano complementario sen personalidade xurídica de seu para os estudos de doutoramento como son as denominadas Escolas de Doutoramento, modelo xa contrastado noutros países.

Por todo o anterior, o Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela, na súa reunión do día 19 de abril de 2010, acordou:

**PRIMEIRO.-** Crear a Escola de doutoramento denominada de Ciencias Biomédicas y Tecnologías de la Salud (Biomedical Sciences and Health Technologies).

**SEGUNDO.-** Esta Escola terá como obxectivo principal a organización dos estudos de doutoramento nos seguintes ámbitos de coñecemento:

- Investigación Biolóxica aplicable á saúde.
- Mecanismos Moleculares, celulares e xenéticos da saúde e a enfermidade.
- Innovación Terapéutica, deseño de fármacos e desenvolvemento de medicamentos.
- Investigación Clínica e Traslacional.
- Investigación en Ciencias Veterinarias . .

**TERCEIRO.-** Con carácter inicial se integran os seguintes programas de doutoramento, impartidos na USC:

- Endocrinoloxía.
- Investigación e desenvolvemento de medicamentos
- Medicina molecular
- Neurociencia
- Atención integral da saúde
- Biotecnoloxía.
- Avances en bioloxía microbiana e parasitaria.
- Xerontoloxía.
- Investigación básica e aplicada en ciencias veterinarias.
- Condicionantes xenéticos, nutricionais e ambientais do crecemento e o desenvolvemento.
- Especialidades Medico-cirúrxicas.
- Psicoloxía clínica e Psicobioloxía.
- Ciencias Forenses e Patoloxía

CUARTO.- O Consello de Goberno poderá aprobar a incorporación á Escola, doutros programas de doutoramento que o soliciten, previo informe da Escola.

O Consello de Goberno poderá, así mesmo, aprobar a participación na Escola doutras universidades, institutos de investigación, institucións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras que teñan actividades de I+D+I no ámbito da Escola. As condicións de participación plasmaranse nun convenio de colaboración que tamén deberá ser aprobado polo Consello de Goberno.

QUINTO.- A Escola dependerá da Comisión de Doutoramento do Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua.

A estrutura de goberno estará formada polos seguintes órganos:

- Director, subdirector e secretario.

O director será nomeado polo Reitor. O subdirector e o secretario serano tamén polo Reitor a proposta do Director.

- Comité de Dirección da Escola

O Comité de dirección estará formado polo director da escola e os coordinadores dos programas de doutoramento que se integren na escola.

No caso en que na escola participen outras institucións alleas á USC deberá formar parte do Comité de Dirección unha representación das citadas entidades.

- Comité Asesor Internacional

Os seus membros deberán ser externos á USC, todos de recoñecido prestixio, e unha parte deles debe estar formado por membros estranxeiros. Encargarase do seguimento do cumprimento de obxectivos e emitirá recomendacións á dirección da Escola e á Comisión de Doutoramento do CPTF.

- Subcomisión de calidade, que deberá garantir a calidade da formación impartida e da investigación realizada, en particular das teses de doutoramento.
- Subcomisión de persoal, que deberá responsabilizarse de todos os temas relacionados coa relación dos investigadores en formación e os titores e directores de tese.

As subcomisións traballarán no marco da dirección e coordinación e instrucións impartidas polo Comité de Dirección.

SEXTO.- A escola rexerese por un regulamento de réxime interno que aprobará o Consello de Goberno.

Este regulamento deberá contemplar:

- A estrutura organizativa e de funcionamento dos órganos da Escola
- As funcións e dereitos e deberes dos membros da escola: investigadores en formación, titores, directores, etc.
- O procedemento de decisión sobre a oferta de proxectos de tese, así como da asignación de titores e / ou directores aos doutorandos.
- O procedemento de rexistro do control das actividades de dirección, titoría e investigación.
- Composición e réxime.
- O sistema de proposta dos criterios de admisión e permanencia de doutorandos, do sistema de formación da escola, do sistema de seguimento da formación dos investigadores en formación e dos requisitos necesarios para presentar as teses.

SÉTIMO.- De permitilo a lexislación vixente e no caso de considerarse estratéxico para os intereses da USC, a Escola poderá xestionar Másters dirixidos exclusivamente á formación investigadora.

OITAVO.- A Escola poderá contar con recursos humanos e materiais, propios ou adscritos a outras unidades, que lle permitan o cumprimento dos seus obxectivos.